

---

# PRESENTACION

Por Andrés TORRES QUEIRUGA

## Unha nova revista galega...

Unha mais. Nun panorama que de súpeto empeza a animarse e poboarse. Onde hai tan só uns anos *Grial*, con longa pacencia e con dignidade rexamente conquerida, era a única en manter, ao par que unha tradición entrañable, unha tarefa tan necesaria como o pan de cada día.

Hoxe *Teima* proclama, por fin, na rua a súa información semanal. Desde Galicia xa é posible escoitar a Galicia nesa onda, tan actual e tan relevante para a configuración de calquer moderna sociedade, como é un semanario escrito en galego coa sinxela naturalidade do que debe ser. E, con Galicia, España e o mesmo ancho mundo son tamén escoitados —é dicir, vistos, estudiados, comprendidos— en galego.

É posible, ademais, que cando este número chegue a tí, lector, leve xa consigo o calor dunha compañía: *Seitura*, revista galega de pensamento crítico, subtítulo que a define perfectamente.

Sería un chisquiño pedante ampararse en Hegel, para dicir que non hai aquí casualidade, sinón estricta necesidade. A dun corpo social longamente amordazado, falado-falseado nun idioma alleo, emigrado de sí mesmo, roto na súa intimidade, esgazada a súa trama social polo imposto —e xa moitas veces interiorizado— turrar de tantas cordas de guiñol, que desde fora decidían os camiños da política e os do diñeiro, os da fala e os da escola, os da cultura e hastra os do Evanxelio. Ao volver en sí e ao voltar a sí, nun heróico e lucidío despertar de avangarda ao que o pobo —sufrido, forzado avergonzado, segredamente orgulloso: todo misturado— levaba no sangue, era lóxico que ese corpo social pedira a palabra, a súa palabra.

Neso estamos. No principio son o libro e a palabra falada. Despois fícalle sempre á revista. Pero a revista é especializada por esencial vocación, e, polo tanto, plural. Ás diversas urxencias da realidade social —expresión, información, clarificación, pescuda...— van respondendo, según as posibilidades externas e sobre todo según a vitalidade interna da sociedade, diversas revistas.

Unha revista mais, hoxe, en Galicia, non é un luxo nin obedece a unha moda. Luxo sería seguir «importando» ideas e visións da propia realidade ou, no outro extremo, seguir traballando para os «amos» de sempre. E si a moda

é mimetismo, dimisión da propia orixinalidade na obxetividade ambiental, a moda máxima consiste en seguir entregues á rutina, facendo «o que se fai», sin ter o coraxe de exercer a propia liberdade e sin poñer en xogo a irrenunciable singularidade do propio pobo.

Unha revista mais, pois, significa sinxelamente responder a un elemental desafío (**challenge**, na conocida terminoloxía de Toynbee) da realidade galega, que desperta e sinte correr polas suas venas a quente promesa de novas posibilidades.

### ...Encrucillada...

Encrucillada é un título, e quixera ser tamén unha evocación. Desde moi antigo descubriu o home a potencia simbólica, o misterio da encrucillada. Cifra da ambigüedad, onde a apertura dos camiños agacha por igual a trampa e a promesa. Lugar da decisión, onde culminan a grandeza e a miseria da liberdade: abre camiños, pero tamén os impón, pois a encrucillada non se escolle, simplemente chegamos a ela; fai posible a liberdade ao abrir o horizonte, pero tamén a forza, pois na encrucillada non é posible instalarse, come seguir adiante, arriscar o perigo e ousar a promesa.

A situación actual de Galicia pode gustarnos ou non, pode excitarnos co cheiro da aventura ou anguriarnos co a aposta da responsabilidade. Pero está ahí e debemos afrontala. Coas posibilidades magníficas de todo intre auroral, tan propicio á creación e tan proclive á xenerosidade; e coa tremenda servidume dunha herencia falsexada, onde casi todo está sin facer ou deformado e fora de sitio.

A situación da igrexa galega non é unha excepción, si acaso constitúe un punto neurálxico, particularmente sensible ás contradicións do presente. Instancia unitaria, coextensiva xeográficamente a toda a realidade social e con forte —anque desigual— presenza en toda ela, vive, e ás veces incluso anticipa, en sí mesma o carácter crucial do noso tempo.

Nesta situación temos que optar (como é ben sabido, hastra quen non quer optar, opta coa sua mesma non-opción). Como galegos e como cristiáns —sin concurrencia nin exclusivismo para ningún dos dous títulos— sentimos a urxencia da hora e a trascendencia da aposta. Pasou o tempo da salvación individualista: hoxe sabemos que a medida dunha personalidade, igual que a medida dunha fe, veñen dadas con toda exactitude polo grado da sua consciencia histórica e pola xenerosidade do seu compromiso. Os oportunismos e os escapismos empezan xa a trasparecer detrás das máscaras, e hastra a pasividade e a inhibición empezan a perder a sua inocencia. Atopar o propio camiño, converter a ocasión en oportunidade aproveitada, facer con-

verxer —sin negalas— as diferencias cara a meta común: velahí a farefa que nos incumbe a todos e cada un.

### ...de pensamento cristián

Desde sempre en todas partes nas encrucilladas fixéronse ritos e ofrendas, para curar enfermidades e alonxar os malos espíritos. Nas de Galicia o cristianismo foi poñendo pouco a pouco cruceiros. Un cruceiro nunha encrucillada: símbolo sobre símbolo. Quizais el nos axude a pensar —¿non é esa, según Ricoeur, a función do símbolo?— o senso específico da nosa revista.

O cruceiro non se sitúa no centro da encrucillada, non se impón: ocupa discretamente un posto lateral. Non marca ningún camiño concreto dos que ao seu pé se abren, nin ten siquera letreiros indicadores de a ónde apuntan, anque os preside a todos: o viaxeiro queda remitido aos seus coñecementos ou á posible carta topográfica que leve consigo. E, con todo, o cruceiro non é inútil nin está alí por capricho: o camiñante pode atopar descanso ao seu pé, sentirse confortado e animado por unha presenza ou pode renovar acaso o senso da súa camiñata.

Discreto cruceiro na actual encrucillada de Galicia quixera xustamente ser a nosa revista.

Tamén ela, que non se refuga a ninguén, sabe que non é para todos: non pode nin pretende imporse ou impor. Sabe incluso que nin tan siquera pode ofrecer unha información especial ou relevante sobre o(s) concreto(s) camiño(s) que Galicia ten que escoller para saír do seu **impasse** histórico. Os que facemos **Encrucillada** somos conscientes de que non podemos suplir as análises económicas, sociais, políticas, históricas ou culturais, que tan precisas e urxentes resultan para escoller o noso camiño e construír o noso futuro. Para eso están xa aí as disciplinas correspondentes, e non temos incoemente en confesarnos discípulos delas nos seus terrenos específicos. Por eso quixéramos evitar coidadosamente a tentación de pendurar dos brazos do noso cruceiro —do dereito ou do esquerdo: a tentación non é simétrica, pero é certamente tentación— letreiros precisos de ideoloxía ou de partido.

Con todo, sin negar nada desto, mantemos a ilusión de non ser inútiles para o noso país e a nosa igrexa, de aportar o noso graciño de area á magna, difícil, pero irrenunciable, construción común.

**Encrucillada** quer ser testigo dunha dimensión do home —tamén do home galego, por suposto— que non é, de certo, moi aparente, pero que moitos consideramos fundamental. Quer ser punto de encontro reflexivo, lugar de comunión de experiencias, coordinador de información, para todos aqueles que comparten a nosa mesma fe —anque poidan ser diversos e pluraes na súa interpretación reflexa, que eso é a teoloxía. E quer ser, finalmente, man ten-

dida ao diálogo con aqueles que, sin compartiren a nosa fe, se moven por idéntica arela: servir a Galicia e servir ao home en Galicia.

Todo esto non significa que intentemos unha revista indefinida, neutra e coitadiña. Decíamos que os cruceiros non teñen letreiro indicador. Decíamos mal: teñen un, o INRI, a causa da condenación de quen neles está pendurado, tan inxenua, fonda e galegamente esculpido na pedra polos nosos canteiros. É verdade que o cruceiro non marca camiños, pero indica direccións (espero que a benevolencia do lector supla a importancia de distinción, que as palabras tan vagamente insinúan). A cruz non dí qué camiño concreto debemos coller, pero dí moi concretamente que, sexa cal sexa, samente terá validez si leva á casa dos probes, á miseria dos asoballados, ao horizonte dos emigrantes. O crucificado non nos dá «caxato nin alforxa para o camiño», pero entréganos unha Boa Nova de liberación, que anuncia xusticia, liberdade, curación e esperanza.

Por pouca consecuencia que lle gardemos a estas indicacións, **Encrucillada** aprobará un rumbo moi definido. Desexaríamos que non tocara nunca os baixos, hoxe tan insidiosos, da agresividade; pero tampouco quixéramos resultar cobardes- á hora de pedirlle ao noso cristianismo —de pedirnos a cada un de nós— fidelidade íntegra ao Evanxelio. El é, en definitiva, a única medida verdadeira á que todos nos debemos remitir. Ogallá fósemos capaces a plantalo ben outo e patente no medio e medio de Galicia: única referencia para o diálogo intraeclesial, único sinal distintivo para a colaboración extraeclesial; ámbalas cousas íntegramente traspasadas polo único motivo do servicio.

Tal é o propósito. En canto aos resultados non nos facemos grandes ilusións. Somos modestos, non por virtude, sinón á forza: o tempo eclesial non se ofrece particularmente favorable, detrás da revista non hai poder nin diñeiro nin prestixio. Trátase, ante todo e sobre todo, dunha empresa de esperanza. De esperanza no lector: da súa acollida, do seu apoio e da súa colaboración vai depender moi substancialmente a marcha, quizais incluso a vida, da revista. E de esperanza no Señor: El, como Paulo de Tarso nos ten ensinado con palabras repetidas e inesquencibles, non precisa do noso poder para operar unha salvación, que discurre cásique sempre a traveso da nosa debilidade e vai moito mais alá das nosas expectativas.

Polo demais, aquí tes, lector, o primeiro número. En ocasións sucesivas unha introducción ocuparáse probablemente de presentar contidos e intencións concretas. Por esta vez a presentación resulta xa longa abondo e non conviña, quizais, que baixase moito ao detalle. Que fale o mesmo número: coa súa temática, coas súas seccións, co seu estilo. Nada está fixo aínda nin callado. Todo pode millorar e permanece desde agora aberto ás suxerencias.

Andrés TORRES QUEIRUGA